

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XULLO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Letrada Asesora da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Saéz Mancebo, que actúa como Vicesecretaría accidental, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, as cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme os termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións ordinarias e extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 9, 16 e 18 de xullo de 2014, respectivamente.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**


**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Tomouse razón da Sentenza ditada en recurso contencioso-administrativo número 313/2012, interposto contra o Decreto 12008144 polo que se dá por finalizado o expediente de inspección aberto á actividade de supermercado, sita na rúa Ourense, número 63 - baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a declaración de caducidade por causa de demora na finalización das obras autorizadas na licenza urbanística número 558/2007, para construír un edificio na rúa Río Eo, 33 - 35, así como da prórroga do prazo de execución, aprobada mediante Decreto da Alcaldía 236/2010, do 14 de maio de 2010, co número de licenza nº 654/2010.

Acórdase denegar as seguintes licenzas: para construción dun edificio en solo clasificado como urbano na praza de San Lourenzo, s/n; e para a construción de edificio na calzada da Ponte, número 58, esquina a prolongación da rúa do Cruzamento.

Así mesmo, acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para as seguintes actuacións: instalación de ascensor no edificio sito na rúa Poeta Noriega Varela, número 20; e mellora de accesibilidade no portal ao ascensor existente, no edificio sito na rúa Lopo Lías, número 5.

|             |  |        |            |
|-------------|--|--------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA  | 24/07/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro                                   | PÁGINA | 1/3        |



QLusvxxZzcAY2W4AkC+U6oA==

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga por prazo de seis meses ou prazo inferior ata a adjudicación do contrato administrativo correspondente ao servizo de vixilancia no fogar do transeúnte.

En relación coa contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil, acórdase incoar expediente de incautación de garantía definitiva para responder das penalidades por demora no cumprimento do prazo da obra e en execución de Sentenza do 12 de xuño de 2014 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso apelación número 4078/2014).

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de cambio de uso de corenta apartamentos turísticos a corenta vivendas no edificio sito na rúa Alcalde José Novo Freire, 20.


Tamén se acorda a regularización de situacións tributarias en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse as licenzas solicitadas para: reforma de local e adecuación de fachada no edificio sito na rúa Conde Pallares, 2; para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na estrada da Coruña, 134; e a instalación dunha estación base de telefonía móbil na estrada de Santiago, km 3,2.

Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de edificio na rúa Bispo Aguirre, 8, e rúa Vilalba, 5.

Así mesmo, resólvese o recurso de reposición interposto por contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xuño de 2014 polo que se procedeu á regularización da súa situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para legalización de galpóns e edificacións para apeiros de labranza vinculados á vivenda unifamiliar en Viador-San mamede dos Anxos.

Código Seguro de verificación:QLusvxZzcAY2W4AkC+U6oA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                          |            |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA                    | 24/07/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro                                   | QLusvxZzcAY2W4AkC+U6oA== | PÁGINA 2/3 |

  
QLusvxZzcAY2W4AkC+U6oA==

**Fóra da orde do día, tras a declaración de urxencia previa** e, en relación ó contrato administrativo correspondente ás obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil, acórdase proceder á incautación de garantía definitiva por non subsanar defectos.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:QLusvxxZzcAY2W4AkC+U6oA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                           |            |
|-------------|--|---------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA                     | 24/07/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro                                   | QLusvxxZzcAY2W4AkC+U6oA== | PÁGINA 3/3 |

